

2021

Informe de achegas ao borrador do Anteproxecto de Estratexia de resposta á COVID-19 da Cooperación Galega



**Dirección Xeral de Relacións
Exteriores e coa UE**

Vicepresidencia primeira e Consellería
de Presidencia, Xustiza e Turismo.
Xunta de Galicia

1. Resultados

Este documento presenta os resultados da consulta pública aos axentes de cooperación do borrador do Anteproxecto de Estratexia de resposta á COVID-19 da Cooperación Galega

Os axentes puideron participar e realizar achegas sobre a base do borrador enviado aos 41 axentes de cooperación participantes no proceso participativo de elaboración da Estratexia. O prazo para realizar achegas estivo aberto do 24 de decembro de 2020 ao 11 de xaneiro de 2021.

En resumo, 4 entidades enviaron 8 achegas por escrito a través do correo electrónico.

2. Alcance do informe e metodoloxía

Este informe rende contas da decisión adoptada pola Dirección xeral de Relacións Exteriores e coa UE con relación ás 8 achegas recibidas na fase de consulta pública do borrador de Anteproxecto.

A información sobre a achega e sobre a decisión adoptada, tense estruturado consonte aos seguintes campos:

- a. **Ámbito:** localización das achegas segundo o eido temático.
- b. **Cód.:** codifícanse as achegas para unha mellor identificación en función do eido temático.
- c. **Achega:** recóllense todas as achegas e suxestións, concretas e individualizadas.
- d. **Decisión:** indícase a decisión tomada pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, mediante as seguintes categorías:
 - i. **Estimada:** Tómase en consideración a proposta para incorporala no anteproxecto da Estratexia.
 - ii. **Estimada parcialmente:** tómase en consideración parcialmente para incorporala ao anteproxecto da Estratexia.
 - iii. **Contemplada:** a proposta xa estaba recollida no borrador do anteproxecto da Estratexia.
 - iv. **Desestimada:** non se toma en consideración a achega.
- e. **Motivación:** xustificación ou explicación da decisión tomada.

3. Achegas e decisión


As 8 achegas téñense agrupado e ordenado na táboa seguinte consonte a 6 eidos.

1. XUSTIFICACIÓN			
CÓD.	ACHEGA	DECISIÓN	MOTIVACIÓN
X1	Non se fai mención á continuidade doutros proxectos e procesos ademais de COVID, aínda que si se indica na introdución (entendemos que será porque neste caso aplica o Plan Director vixente) pero igual non estaría de máis facer unha mención neste apartado sobre a necesidade de convivencia das dúas estratexias.	Contemplada	Reforzarse a redacción relativa á convivencia de ambas as dúas estratexias e o compromiso da Cooperación Galega coa continuidade das intervencións previamente financiadas.
2. DIAGNÓSTICO DA COOPERACIÓN GALEGA NO CONTEXTO DA COVID-19			
D1	Consideramos apropiado incluír un parágrafo que dea conta da necesidade de fortalecer os actuais sistemas de saúde dos países nos que desenvolvemos proxectos de cooperación para contribuír a súa preparación para futuras crises ou pandemias. Suxestión de texto a engadir: “A pandemia puxo de manifesto a debilidade dos sistemas de saúde, dos países nos que se levan a cabo os proxectos financiados pola cooperación Galega, para responder de xeito áxil e cos suficientes medios ás crises e emerxencias. Polo que se considera fundamental reforzar ditos sistemas a través da provisión de recursos materiais, infraestruturas adaptadas, protocolos de actuación e formación e apoio psicosocial para persoal de saúde”.	Estimada	Integrarase esta suxestión de redacción no diagnóstico.
D2	Faise un repaso moi completo de todas as áreas prioritarias para a infancia, pero pensamos que podería ser interesante facer unha mención específica á saúde mental, por ser este un dos puntos nos que se menciona que hai unidade entre as organizacións.	Estimada	Integrarase esta suxestión no diagnóstico.
D3	Botamos en falta algunha referencia ao importante papel que as administracións locais tiveron e están a ter na xestión e superación da pandemia en todo o mundo, como nivel de goberno máis próximo á cidadanía, tal e como recoñecen desde organismos internacionais como CGLU ata a propia Cooperación Española na súa estratexia de resposta á Covid-19. Neste senso, cómpre recoñecer o labor da cooperación municipalista a través de proxectos para loitar contra o coronavirus na África lusófona. No borrador a única mención á cooperación local realízase no marco de resultados e indicadores se limite a falar de coordinación. Dalgún xeito, debería contemplarse unha cooperación internacional de carácter municipalista encamiñada a fortalecer as capacidades institucionais e de xestión dos gobernos locais nos países do Sur.	Estimada	Integrarase esta suxestión no diagnóstico.
3. ÁMBITOS ESTRATÉXICOS			
AE1	Consideramos importante incluír no ámbito estratéxico 1 unha achega que poña manifesto a importancia de que os sistemas de saúde estean preparados para futuras crises. Suxestión de nova redacción: AE 1: Afrontar a emerxencia sanitaria apoiando os sistemas e servizos de saúde e aos gobernos, comunidades e organizacións da	Estimada	Integrarase esta suxestión de redacción.

	sociedade civil socias da Cooperación Galega para rematar coa transmisión do virus da COVID-19 e <i>prever e tratar futuras crises sanitarias e pandemias.</i>		
4. PRIORIDADES XEOGRÁFICAS, TRANSVERSAIS E COLECTIVOS PRIORITARIOS			
PX1	Consideramos que non é acertado reforzar que a axuda se concentre nos 11 países prioritarios da Cooperación Galega. Non nos parece un criterio obxectivo nin coherente na actual situación de pandemia. Debemos ter presente que todos os países notaron as consecuencias da pandemia, e que en todos aqueles nos que as desigualdades son moi acuciantes, (aínda que non formen parte da lista dos países prioritarios da Cooperación Galega) as poboacións con menos recursos teñen visto deterioradas as súas condicións de vida e os verdadeiros efectos da crise aínda están por chegar. Algo que xustifica a necesidade da posta en marcha de proxectos de cooperación nos contextos e países que o precisen sen basearse en prioridades establecidas por intereses das entidades públicas e privadas que facemos cooperación.	Estimada parcialmente	<p>O principio de concentración xeográfica da axuda en cooperación constitúe un dos criterios fundamentais de eficacia do desenvolvemento da Cooperación Galega.</p> <p>Con todo, no eido de axuda humanitaria o IV Plan Director reconece no seu ámbito estratéxico 4 “Paliar e reducir a vulnerabilidade respondendo ás crises humanitarias con eficacia e calidade” que a resposta da Cooperación Galega neste eido basearase no enfoque de vulnerabilidade e nas necesidades humanitarias.</p> <p>Integrarase na redacción un parágrafo que reforce este enfoque.</p>
5. MARCO DE RESULTADOS DE XESTIÓN			
RX1	A forma de artellar a coordinación coa cooperación municipalista podería ser a través de convenios específicos de cooperación ou acción humanitaria no contexto de loita contra a pandemia.	Contemplada	A L.A. 5.2. Permitiría esta posibilidade xa que establece: “Con todo, durante o estado de pandemia a DXRREE e UE poderá empregar os convenios de forma flexible, razoada e transparente cando a urxencia e excepcionalidade das circunstancias non permitan empregar os procedementos regulados mediante convocatoria ordinaria e en resposta a demandas específicas dos axentes de cooperación”
6. MODALIDADES E INSTRUMENTOS DE AXUDA			
AX1	Que a flexibilidade sexa un requisito indispensable para unha resposta de calidade ás necesidades da poboación. Os proxectos deben poder adaptarse ás medidas de contención e prevención que recomentan os expertos e tamén ás medidas tomadas a nivel governamental, o que sen dúbida pode ter consecuencias na implementación de programas e proxectos en terreo en termos de prazos de execución.	Contemplada	Reforzase a redacción para integrar os criterios consensuados cos axentes de cooperación.

5. Resume do resultado de decisión

DECISIÓN	TOTAL	%
Contemplada	3	37%
Estimada	4	50%
Estimada parcialmente	1	13%
Desestimada	0	0%
Total	8	100%



En total, o 100% das 8 achegas recibidas durante a consulta pública foron valoradas positivamente pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, de tal xeito que se integrarán na estrutura e narrativo do Anteproxecto de Estratexia de resposta á COVID-19 da Cooperación Galega.